



## Resolución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en relación á dispoñibilidade de material vexetal de reprodución de especies de froiteiras perennes

### Antecedentes

O día 1 de xaneiro de 2022 entrou en vigor o Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello.

No apartado 1.8.5.7 da parte I do Anexo II establécese que os Estados membros poden dispor unha autorización xeral para empregar material vexetal de reprodución a nivel de especie ou caste cando non haxa dispoñibilidade no mercado dese produto concreto.

Na actualidade o mercado ecolóxico de material vexetal de reprodución para especies perennes de froiteiras non está moi desenvolto agás no caso do amendoeira, da que existen un par de empresas que poden subministrar esas árbores na súa versión ecolóxica.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixo público unha listaxe de especies de froiteiras para as cales non existe dispoñibilidade de material vexetal de reprodución en todo o territorio do Estado.

A Axencia galega da Calidade Alimentaria é a autoridade competente en materia de produción ecolóxica, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Por todo o anterior, RESOLVO:

Aprobar a listaxe de especies froiteiras, que se achega como ANEXO a esta resolución, nas que se autoriza o emprego de material vexetal convencional nas explotacións de Galicia, sen prexuízo do rexistro por cada operador das cantidades de árbores convencionais empregadas nas explotacións ecolóxicas que deben poñer a disposición da autoridade de control cando lle sexa requirido.

Santiago de Compostela na data da sintura dixital

O director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral





## ANEXO

ACEROLO	LIMERO
AGUACATE	LIMOEIRO
ALBARICOQUERO	LITCHI
ALGARROBO	ÉRBEDO
ARANDEIRA	MANDARINO
ABELEIRA	MANGO
AZUFAIFO	MACEIRA
BERGAMOTA	MARACUYÁ
CALAMONDIN	PEXEGUEIRO
CAQUI	MARMELEIRO
CASTIÑEIRO	MOREIRA
CAVIAR CITRICO	MORINGA
CERDEIRA	LARANXO
CHIRIMOYO	NECTARINO
CHUMBEIRA	NESPEREIRO
AMEIXEIRA EUROPEA	NESPEREIRO EUROPEO
AMEIXEIRA XAPONESA	NOGUEIRA
CLEMENTINO	NOGUEIRA CINCENTA
FRAMBUESO	NOGUEIRA SILVESTRE
GRANADEIRO	NOGUEIRA PECANERO
GROSELLERO	PALMEIRA DATILEIRA
GUAIABO	PAPAYO
FIGUEIRA	PARAGUAIO
JINGOLERO	PITAHAYA
KIWI	PLATANEIRA
KUMQUAT	POMELO
LOUREIRO	SATSUMA
LENTISCO	SERBAL
LIMEQUAT	TEREBINTO

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS  
Cargo: Director  
Data e hora: 09/06/2023 18:43:27

CVE: rUwYxHIVmBA8  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

